

Creación dun fondo bibliográfico sobre Turismo e Camiño de Santiago

Proposta de: Xosé Manuel Santos Solla. Departamento de Xeografía-USC

Convocatoria: 21 proxectos de Investigación e Difusión sobre o Camiño de Santiago

Modalidade de Divulgación

1. A crecente importancia das relacións entre turismo e relixión. O Camiño de Santiago

O Camiño de Santiago e todo o que arrodea a este fenómeno Xacobeo está a ser obxecto, nestas últimas tres décadas, dunha atención considerable, que vai desde a puramente mediática até a académica. So desde o punto de vista da investigación, a riqueza emanada deste itinerario está a servir como foco de interese de numerosos profesionais que analizan a rota desde diferentes ángulos. A historia, a arte, as paisaxes, as relacións sociais, a relixiosidade, a economía ou o desenvolvemento urbano ao longo dos camiños, son algúns dos aspectos que máis se teñen estudado. Pero tamén o turismo, actividade complexa, propia da contemporaneidade, que se ten convertido nunha das máis relevantes no mundo actual.

Acostuma citarse o ano 1993 como o punto de partida para a recuperación da peregrinación tradicional a Compostela. Isto é certo aínda que con matices. Durante boa parte do século XX, e antes da data sinalada, é posible encontrar manifestacións de carácter masivo en Santiago, así como programas gubernamentais que impulsan, por exemplo, a apertura de establecementos hoteleiros ao longo da rota. Porén, estas accións limítanse fundamentalmente aos anos santos e ao uso dos modos de transporte modernos. Unicamente algunhas persoas estudiosas ou con curiosidade pola enorme relevancia que este fenómeno tivo en Europa, sobre todo na Idade Media, comezaron a aprofundar no valor atemporal deste itinerario. É así, como a través da investigación e da recreación das peregrinacións tradicionais, vanse pondo as bases para unha sólida recuperación do fenómeno xacobeo.

Na segunda metade do século XX en diferentes lugares de Europa e dos Estados Unidos van xurdindo pequenos grupos que afortalan o coñecemento dos camiños a Santiago, que recuperan os trazados e os ritos tradicionais e que mesmo viven a experiencia de camiñar até Compostela. Cando no 1993 chegan a Santiago case que cen mil peregrinos a pé, non se pode valorar este feito unicamente polas campañas promocionais. Atrás desta cifra hai un traballo longo e arduo de moitas persoas, algunhas xa agrupadas en torno de asociacións de amigos do Camiño, e institucións. Entre estas últimas o Consello de Europa que no 1987 reconece o valor do Camiño en relación á construción e identidade do continente, ou UNESCO coa declaración da cidade compostelá primeiro e do camiño despois como patrimonio mundial da humanidade.

Logo do éxito de 1993, a continuidade na chegada masiva de camiñantes levou a numerosas reflexións de cómo un itinerario medieval, inicialmente de carácter relixioso, puido adquirir tal impulso nun momento histórico como o actual caracterizado pola complexidade do mundo e no que a relixión parece unha práctica cada vez menos extendida. Ademais, semellaba inevitable relacionar a peregrinación a Compostela co turismo, fenómeno este último característico das sociedades contemporáneas máis avanzadas. Nalgunhas ocasións asistimos a desconfianzas ante esta vinculación na medida na que a peregrinación é entendida como unha viaxe cara un lugar sagrado motivada exclusivamente pola fe. É dicir, nada a ver co turismo que, embora supoña sempre movemento, entendiase que estaba incentivado por razóns de carácter hedonista pouco conectadas coas propias da relixión.

Con todo, quer desde o punto de vista académico quer empírico, as relacións entre peregrinación e turismo aparecían cada vez máis obvias: o Camiño de Santiago vaise describindo como un bo exemplo da conexión directa que este itinerario mantén co sector turístico. O ano santo de 1993, alén doutras circunstancias, baseou parte do seu éxito nunha campaña promocional e no deseño de actividades propias de calquer grande evento, incluída a creación dunha mascota. A incorporación progresiva do sector da hotelaría, da hostelaría e dos servizos turísticos en xeral non fixo máis que evidenciar a fortaleza do lado turístico do Camiño de Santiago. Mesmo a inclusión, no caso galego, de boa parte da xestión pública do Camiño na Axencia Galega de Turismo deixa ben clara esa perspectiva turística do fenómeno xacobeo da que tamén participa a Igrexa, por exemplo a través da venda de souvenirs ou da oferta de aloxamento.

Esta realidade, que non é exclusiva do Camiño de Santiago, foi tamén vista desde moi cedo por estudiosos. As peregrinacións a Compostela foran obxecto de interese fundamentalmente por medievalistas que, desde unha perspectiva histórica, analizan o valor cultural da ruta e as súas achegas á construción da idea de Europa. Xunto a esta literatura dominante, que ten como paradigma a obra de Vázquez de Parga, Lacarra e Uría (1948), publicado xusto antes de chegar ao ecuador do século XX, encontramos algúns exemplos máis lixeiros, pero non exentos de menos valor, orientados a un público máis amplo e no que se inclúen referencias turísticas e histórico-artísticas. Sería o caso, entre outros, de Elías Valiño figura eminente da cultura xacobeo contemporánea e autor de obras académicas, como foi a súa propia tese de doutoramento,¹ e de divulgación, así como destacado activista na recuperación das peregrinacións.

Porén, o que resulta algo máis tardío foron as reflexións e pesquisas que conecten os fenómenos turísticos e relixiosos. Parte deste atraso reside na consideración, xa comentada, da diferente natureza, que se entendía que había, entre turismo e peregrinación. Esta colisión vese na Guía de Román López y López (1915) escrita orixinariamente para a clientela de fala inglesa no ano 1911 (Through Galicia to Santiago de Compostela) que no seu título en castelán é “Santiago de Compostela. Guía del peregrino y turista”. Un exemplo interesante tamén sería o artigo de Lasserre (1930) que desde unha perspectiva académica, e para o caso francés de Lourdes, trata de evidenciar a diferenza entre turista e peregrino, por moito que este último faga uso de servizos turísticos. Algunhas décadas máis tarde, Dupront (1967) segue a esforzarse en resaltar as características que separan a uns dos outros malia que sinala que nun marco global ambos os fenómenos se inscriben no ámbito das migracións humanas. E, en todo caso, Dupront (1967) tamén sinala que a peregrinación atrae o turismo e que a propia igrexa católica descubriu o turismo de masas.

Poucos anos despois de se publicar o artigo de Dupront (1967) é cando aparecen os textos de Turner, desde 1973 até o de Turner e Turner de 1978, no que as analoxías entre turismo e peregrinación van ficando en evidencia. Este debate, con diferentes puntos de vista, vaise enriquecendo con achegas de autores como Theilmann (1987) ou

¹ Camino de Santiago, el Cebrero: de Villafranca del Bierzo a Triacastela: estudio histórico-jurídico. Universidad Pontificia de Salamanca, 1964-65. <https://doi.org/10.36576/summa.7887>

Eade (1992)² ou máis contemporaneamente con Collins-Kreiner (2010), entre outros especialistas, que en distintas investigacións profundaban e asumían esas conexións, consolidando así unha liña de investigación en torno o turismo e as peregrinacións. A visibilización desta orientación maniféstase na aparición dunha revista académica que explicitamente xunge turismo e peregrinación: *International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage*. Mesmo hai quen fala das peregrinacións como unha das formas máis antigas, se non a máis, de turismo (Esteve Secall, 2002). Porén, continúan a existir receos a esa porosidade entre ambos os conceptos, como o demostra o artigo de Palmer, Begley e Coe (2012).

Alén das interesantes reflexións teóricas, as investigacións poñen no foco da práctica nalgúns dos espazos sagrados máis significativos, como Lourdes ou Fátima no caso de Europa. Aliás, a frecuentación de camiñantes nas rutas a Compostela sitúa a este conxunto de vías no eixo vertebral de moitos dos estudos. O Camiño de Santiago aparece como o centro de pesquisas que descubren ou reforzan algunhas liñas interesantes: a adaptación de vellos itinerarios ás novas motivacións e necesidades que orientan a vida contemporánea; a creación dunha nova categoría patrimonial, os itinerarios culturais, que contribúe á paz e ao diálogo inter-cultural; ou as diferentes manifestacións da relixiosidade expresadas en prácticas culturais como o turismo, entre outras.

O resultado final, na perspectiva académica, das relacións entre turismo e relixión foi a multiplicación de investigacións e publicacións que tratan de explicar e entender a complexidade destes vínculos, as súas consecuencias, o significado dos espazos sagrados para o turismo ou as conexións entre a viaxe e o benestar das poboacións en todas as súas dimensións. Autores como Collins-Kreiner (2020) ou Durán Sánchez et al (2018, 2019) analizan o vasto volume de textos académicos que nos últimos anos teñen prestado atención ao fenómeno do turismo relixioso. Neste contexto, o Camiño de Santiago, como unha das manifestacións máis claras destas relacións vai ocupar un lugar central como obxecto de investigación, como poderemos comprobar nos resultados deste traballo.

2. Metodoloxía

A intención orixinal deste traballo é facer unha recompilación de todas aquelas publicacións académicas que teñen o seu foco na compoñente turística do Camiño de Santiago. Porén, esta liña tan clara presenta moitos matices que por veces complica o proceso de selección dos textos. Antes de entrar na descrición da procura feita en editoras e revistas especializadas, cómpre definir aqueles temas e aquelas tipoloxías de publicacións que se incluíron nas buscas realizadas. Achamos que talvez sexa máis fácil comezar por aquilo que foi excluído.

Relativamente ao contido, unicamente se valoraron aqueles textos nos que o Camiño de Santiago, ou o fenómeno xacobeo, aparecían como obxecto central da investigación desde unha perspectiva turística. Isto implica que foron excluídas obras de carácter xeral

² Existe unha versión deste artigo, que parece algo anterior e que leva por título *Beyond the 'Turnerian tradition': Differing interpretations of pilgrimage and tourism at Lourdes, France*. Este texto é accesible na páxina do autor en Researchgate©.

que, desde enfoques diversos como a historia ou a arte, analizan aspectos variados do Camiño. Neste grupo poderíanse incluír autores clásicos cun gran coñecemento da cultura xacobeá, como Paolo Caucci, Robert Plötz, Yves Bottineau ou Adeline Rucquoi. Porén, non sempre é fácil a escolla entre inclusión e exclusión. Obras tan interesantes como a de Frey (1998), ou a de Sánchez e Hesp (2016) xeraron moitas dúbidas sobre se debían ou non ser incluídas. Finalmente, optouse pola súa referenciación aínda sendo conscientes que os seus contidos non sempre se axustan aos nosos obxectivos. A decisión baseouse en criterios subxectivos considerando a súa utilidade para entender a ollada turística sobre a peregrinación a Compostela.

A pesar da súa evidente conexión co turismo, as numerosas guías sobre o Camiño tampouco foron obxecto da nosa atención. Desde as máis antigas, de inicio do século XX, até as que van aparecendo de xeito cada vez máis frecuente na década de 1980, o seu número é moi elevado e abranguen múltiples itinerarios, algúns de carácter xeral e outros focalizados en territorios concretos. Ás veces resulta complexo cualificar certos textos nos que se mesturan tradicións, historia, historias e descrições da ruta, como é o caso da obra de Stone, (1927). O noso interese radica naqueles textos que se centran na análise e no estudo académico do Camiño de Santiago como fenómeno turístico contemporáneo e por ese motivo consideramos que as guías turísticas das rutas xacobeas teñen unha función moi distinta á que nós procuramos.

Tamén foi excluída toda aquela bibliografía que analiza o fenómeno da peregrinación, en xeral, en relación ao turismo. Como xa dixemos, este é un tema que acadou nos últimos anos unha gran relevancia. En moitos dos artigos ou capítulos de libros que abordan este tema, o Camiño de Santiago acostuma ser utilizado como exemplo. Porén, non é o obxecto central do texto, de aí a decisión adoptada. Igualmente, non foron considerados os traballos que se centran na cidade de Santiago porque non queremos reincidir no erro de confundir a ruta co destino final. Contodo, si se tiveron en conta aquelas obras nas que se aborda o impacto que ten a peregrinación ou, máis especificamente, os anos santos na cidade compostelá.

Despois desta depuración o que fica son aqueles textos nos que o turismo e o Camiño de Santiago, incluída a meta, son o foco central da pesquisa. Aínda así, a procura non foi fácil. Independentemente das dificultades xeradas polas exclusións comentadas anteriormente, encontramos algunhas obras moito máis ambiguas no seu contido do que nos tería gustado. É o que acontece, por exemplo, naquelas que analizan o turismo relixioso e a peregrinación en xeral pero que teñen como caso principal ou destacado o de Santiago. Nestes textos tivemos que valorar se a representatividade do Camiño é abonda como para seleccionalo. Noutras ocasións, a ollada turística combínase con outras de diferente carácter, como a propiamente relixiosa, o que nos fixo dubidar de se realmente ese artigo ou ese capítulo é coherente cos nosos obxectivos. Un exemplo sería o artigo de Roszak (2020) que reflexiona sobre o carácter relixioso do Camiño pero que está incluído nun número monográfico da revista Religions que leva por título Faith in Spiritual and Heritage Tourism.

Un segundo grupo de dificultades derivou do tipo de publicacións académicas nos que íamos centrar os nosos esforzos. Tiñamos claro que a prioridade ían ser as revistas por ser o medio de transferencia do coñecemento máis estendido e máis relevante. A escolla

das máis acaídas é outro tema que deixamos para un pouco máis adiante. Canda as revistas están os libros e os capítulos de libro, formato moito máis complexo na súa identificación. Isto é así porque a diferenza das revistas, controladas por un número limitado de editoras e universidades, aliás das empresas privadas existe un elevado número de institucións públicas (por exemplo as deputacións no caso español) e privadas (caso de fundacións) que editan unha multiplicidade de obras de difícil acceso. Aínda que cuantitativamente o volume de libros é menor a busca foi máis complicada malia que se estreitaron bastante as canles de pesquisa.

Ademais de revistas e libros, a produción académica ofrece outras alternativas para presentar resultados noutros formatos. Infelizmente as canles de acceso son moito máis limitadas. Estamos a falar por exemplo de teses de doutoramento, de mestrado ou traballos de fin de grao. Demos localizado algúns documentos de investigacións defendidos no seu momento en universidades de múltiples partes do mundo e que desde diferentes programas de doutoramento, desde mestrados ou desde graos, abordan o Camiño de Santiago na súa perspectiva turística³. Toda esta literatura gris é de grande interese aínda que non sempre dispoñible para súa consulta. Sen dúbida, e para o caso español, as teses de doutoramento son os documentos máis fáciles de rastrexar grazas á base de datos de Teseo (<https://www.educacion.gob.es/teseo/irGestionarConsulta.do>). A eiva producida por esta exclusión, en parte vaise compensar co feito de que teses de doutoramento e, en menor medida, de mestrado, acostuman ser total ou parcialmente publicadas como libros ou como artigos. De feito, temos identificado algúns textos nese sentido, ao igual que outros que proceden de proxectos de investigación.

Finalmente, no que atinxe aos formatos das publicacións, tamén foron excluídas as derivadas de congresos e seminarios. Este tipo de reunións comezan a desenvolverse fundamentalmente a partir da década de 1980 e vanse multiplicando na seguinte cunha ampla variedade de enfoques, desde as que organizan as asociacións de amigos do Camiño ou os de estudos xacobeos até outras de carácter disciplinario, como a socioloxía ou a xeografía. O seu elevado número, a súa dispersión xeográfica e temática fai realmente difícil realizar unha procura sistemática. Ademais, non sempre existen actas publicadas e, se as hai, a súa dispoñibilidade pode chegar a ser moi limitada⁴. Afortunadamente, cada vez é máis frecuente que as achegas de máis valor aparezan en revistas. Por exemplo, a *International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage*

³ Algúns exemplos poden ser: Morales Urrutia, X.A. (2017). *Las rutas turísticas culturales como factor para el desarrollo de las áreas rurales. Análisis comparado del Camino de Santiago (Galicia-España) y el sistema Vial Andino (Ecuador)*. Tese de doutoramento-USC. Marqués Pereira, M.N. (2014). *Sistemas de información geográfica e realidade aumentada em turismo: Guía interactivo do Caminho Português de Santiago em Barcelos*. Tese de doutoramento-USC. Carneiro, S. (2003). *Rumo a Santiago de Compostela: os sentidos de uma moderna peregrinação*. Tese de Doutoramento-UFRJ (Rio de Janeiro). Hori, I. (2011). *Estudio comparativo sobre el Camino de Santiago y el Camino de Kumano*. Tese de mestrado, Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo, USC. Nadais, C. (2010). *O turismo e os territorios da espiritualidade. Os Caminhos de Santiago em Portugal*. Dissertação de Mestrado, Universidade de Coimbra.

⁴ Un exemplo de actas de congresos que contén textos relacionados co Camiño de Santiago e o turismo é: Gómez Ullate, M., Ochoa Siguencia, L., Álvarez García, J., del Río Rama, M.C. e Ochoa Daderska, R. (2017). *Cultural management and governance for European pilgrimage routes, religious tourism and thermal tourism*. Publishing House of the Research and Innovation in Education Institute, Czestochowa – Polonia.

nútrese en boa medida das comunicacións presentadas nos seus congresos anuais. Con periodicidade anual ou superior temos reunións científicas de xeografía, antropoloxía, economía... e mesmo algunhas específicas de turismo, nas que existen contribucións sobre turismo e o Camiño de Santiago. Neste sentido, localizamos algúns textos mais non foron incluídos, fundamentalmente pola dificultade para seu acceso xa que, con frecuencia, forman parte de libros de actas moi pouco difundidos. Como excepción principal foron incluídas na relación final aqueles textos sobre turismo que formaron parte da publicación do Congreso Internacional de Xeografía sobre o Camiño de Santiago e o territorio, celebrado no ano 1993. Isto é así porque se trata dos primeiros textos sobre turismo e Camiño de Santiago e porque o libro de actas está presente en moitas bibliotecas públicas de Galicia. Demos localizado outras achegas derivadas de reunións científicas de diferentes ámbitos, xeografía, socioloxía, antropoloxía, etc., mais, como foi indicado, non se incluíron neste estudo.

Chegados a este punto e coñecidos os criterios de exclusión (e portanto de inclusión) cómpre especificar o proceso de busca, comezando polas revistas. Dado a dimensión internacional acadada polo Camiño de Santiago non tería lóxica centrarnos unicamente nas publicacións feitas en España. Orientámonos, pois, para unha escolla das revistas máis difundidas e de maior prestixio. Para isto tiñamos dúas opcións relativas ao uso dos indicadores de máis prestixio, Scopus e o Journal Citation Report nos seus subcampos de turismo. A relación do primeiro destes índices, Scopus, abrangue 153 revistas no ranking de Tourism, Leisure and Hospitality Management polo que se optou polas 56 que aparecen baixo o paraugas de Hospitality, Leisure, Sport and Tourism en JCR, que é considerado un indicador máis restritivo.

Mais antes de comezar a busca entre as revistas indexadas como JCR, decidiuse iniciar o proceso coa publicación International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage por ser a única que existe que está especializada en turismo e relixión. Os resultados foron sorprendentes ao emerxer un volume significativo de artigos de autoría moi diversa en canto a orixe xeográfica, temática e formación académica da xente responsable dos textos. A seguir, e na orde descendente desde o cuartil 1 ao 4, fomos traballando en cada unha das revistas JCR seguindo un método que consistía na busca a través de palabras chave tales como Compostela, Galicia, Peregrinación, Camiño, Xacobeo, etc. Do total de revistas indexadas foron excluídas as especializadas en deporte logo de comprobarmos, a través dos seus contidos, que a súa orientación non dá lugar á inclusión de textos como os que procurábamos.

Unha vez terminada a revisión das revistas máis prestixiosas de turismo a nivel internacional, fixemos o propio coas españolas, seleccionando aquelas con maior difusión e mellor consideradas nos índices de impacto. Neste caso, o seu número foi moito máis reducido aínda que contribuíron igualmente a enriquecer a base de datos. Estando cuberta a oferta en lingua inglesa e castelá (referida ao caso español), considerabamos interesante incorporar tamén outras linguas faladas en países de longa tradición peregrinatoria a Santiago. En concreto o portugués, o francés e o italiano. Para o primeiro caso, o volume de publicacións periódicas é pequeno polo que a busca foi rápida. En Francia o mercado editorial académico é moi tradicional e non encontramos revistas especializadas en turismo. Finalmente, en Italia centramos os esforzos nunha

revista focalizada en turismo e cultura no que a relixión e os itinerarios culturais son parte frecuente dos seus contidos.

Coas buscas nas revistas de turismo, que no total foron algo máis de 30, tiñamos xa un volume moi importante de artigos. Alén de máis, estas publicacións teñen un carácter moi transversal polo que a formación académica relativamente á autoría é moi variada: economía, empresa, socioloxía, xeografía, comunicación, estudos culturais... son enfoques que están representados nos textos seleccionados. Con todo, demos un paso máis, esta vez vinculado coa nosa propia formación de xeógrafos. Sabemos que desde esta disciplina foron dedicados moitos esforzos ao estudo do turismo, como o demostra a elevada presenza nas revistas de turismo. Porén, en certos países como España, Portugal e, sobre todo, Francia, a estrutura tradicional das revistas mantense moi viva. É decer, en boa medida seguen a ser publicacións máis xeneralistas e ligadas a institucións universitarias. Por este motivo seleccionamos as cabeceiras máis importantes de cada un dos tres países para proceder, seguindo a mesma metodoloxía, á procura dos artigos sobre turismo e Camiño de Santiago.

Relativamente ás revistas aínda nos faltaban catro pasos que ían servir para complementar a información. O primeiro foi voltar a mirada para as revistas de relixión. Conscientes da relevancia tomada na literatura internacional polo Camiño de Santiago, entendíamos que non sería estraño que nas revistas académicas especializadas en temas relixiosos houbera contidos próximos ao foco do noso obxectivo. Unha vez máis seleccionamos aquelas publicacións máis acaídas aos intereses desta pesquisa que estiveran nos índices citados anteriormente. En JCR non encontramos ningunha categoría específica, mais si en Scopus baixo a denominación Religious Studies. O número de revistas incluídas neste epígrafe é de 537, volume inabordable para esta investigación. Considerando a especificidade de moitos dos títulos, afastados dos nosos intereses (p.e. New Testament Studies, Medieval and Early Modern Iberian World, etc), foron seleccionadas aquelas cabeceiras que estaban en posicións de impacto máis elevadas e que nos remitían a contidos de carácter social ou xeral, como por exemplo Religions ou Religious Studies.

O segundo paso neste treito final foi realizar unha procura a través do Google Académico pondo palabras e expresións chave. Aínda que moitos dos resultados xa eran coñecidos tamén é certo que tivemos acceso a novos artigos que non apareceran anteriormente. Ademais, alén de revistas, emerxeron algúns libros e publicacións que até o momento non se visibilizaran. Seguimos así para o terceiro e penúltimo dos pasos que consistiu en revisar a bibliografía de 30 artigos. En concreto foron seleccionados os 10 máis antigos, os 10 máis recentes e outros 10 para o período intermedio. Deste xeito poderíamos acceder a referencias máis locais ou localizadas en publicacións menos coñecidas. Finalmente, foron incorporados á base de datos outros artigos que, debido á nosa especialización, coñecíamos mais que estaban dispersos noutras publicacións de carácter xeral ou moi especializadas pero que por diferentes motivos, como pode ser un monográfico, incorporaron textos sobre turismo e Camiño de Santiago. Neste último paso tamén foron engadidas algunhas revistas editadas en Galicia que se vinculan con ámbitos do coñecemento diversos pero que se centran en temas relacionados con disciplinas de carácter socio-económico e humanístico. Neste grupo incluíronse

cabeceiras como Sémata, Minius, Revista Galega de Economía ou Ad Limina que está orientada especificamente á investigación do Camiño de Santiago e das peregrinacións.

Os artigos constitúen o groso deste traballo. Sen considerar as buscas soltas, como as efectuadas no Google Académico, no total foron revisadas máis de cen cabeceiras, das que se seleccionaron un total de 140 artigos publicados en 50 revistas, sendo a máis prolífica a International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage que concentra algo máis do 20% do total de artigos. O resto está moi disperso de tal maneira que o 85% das revistas publicaron so 1 ou 2 artigos sobre o Camiño.

Sempre que foi posible, as citas bibliográficas van acompañadas do correspondente DOI para que a localización dos textos sexa máis doada. Tamén, en función da disponibilidad, foron descargados os artigos, que se presentan como anexo a este documento. Hai que ter en conta que a maior parte das revistas españolas, portuguesas ou franceses son de acceso libre. Porén, as anglosaxoas na súa maioría son de pagamento, con prezos que normalmente son moi elevados. Afortunadamente, a través do servizo da Biblioteca da USC puidemos descargar gratuitamente moitos artigos. Para o resto desenvolvimos varias estratexias: búsqueda en Google Académico ou en Researchgate, ou solicitarllo directamente á persoa autora do texto mediante correo electrónico. Finalmente, nalgúns casos procedemos a súa compra para poder presentar o repertorio completo

Xunto ás revistas, os libros ou capítulos de libros conforman o groso deste proxecto. O formato libro é moito menos popular nestes momentos, como xa temos sinalado. Tamén a súa procura resulta máis complexa. De igual xeito, achegar os textos, como se fixo coas revistas, é menos fácil debido a que non todos están disponibles en formato dixital ou, cando si, ofrécense como e-book e non como pdf. En todo caso, tentamos superar estas dificultades aprofundando na busca e achegando aqueles textos aos que tivemos acceso ben escaneándoos ou ben por compra, ben por estar en internet ou ben pola xenerosidade das súas autoras ou autores. Como resultado final, apenas 9 títulos de 179 referencias totais non son incorporadas como anexo.

O proceso de busca de libros foi moito máis difícil. O principal criterio foi a procura de editoras que tivesen coleccións específicas de turismo, como pode ser Routledge ou Síntesis, para o caso español. Neste proceso so encontramos un caso cunha liña de publicacións específica de turismo relixioso, a británica Cabi. Isto obrigounos a procurar vías alternativas que seguiron basicamente os mesmos tres pasos finais que explicamos para o caso das revistas: o recurso de Google Académico, a revisión bibliográfica nas mesmas condicións que a citada para o caso das revistas, e o coñecemento persoal que tiñamos do tema.

Un último problema residía en saber como elaborar a ficha de cada texto. É frecuente que os libros non sexan máis que unha recompilación de capítulos de diferentes autores. No caso de que o libro teña unha unidade no que todos os seus capítulos traten sobre turismo e Camiño de Santiago, o que se citou foi o libro completo e non as súas partes. Porén, cando só algunhas partes do libro cumpren os obxectivos do noso traballo, vanse referenciar apenas esas páxinas.

3. Resultados

Como xa foi indicado, desde o punto de vista académico, o Camiño de Santiago foi obxecto de atención desde moito antes de que se producise en 1993 o boom das peregrinacións contemporáneas. Porén o que interesaba neses momento, a mediados do século XX, era o seu valor histórico e histórico-artístico, como fenómeno non só relixioso en sentido estrito, senón tamén cultural. Iso maniféstase efectivamente na publicación de traballos de investigación e tamén na rememoración de peregrinacións que alén do espírito relixioso procuran recrear unha tradición dun valor singular para Europa, recuperando frecuentemente símbolos dos camiñantes doutros séculos. Boa parte deste movemento tamén se pode vincular cos estudos medievais. De feito, o interese intelectual que vai xurdindo ao redor do mundo xacobeo foi en gran parte inspirado por medievalistas non necesariamente galegos ou españois, senón de diferentes países como Francia ou os Estados Unidos.

O labor destes pioneiros foi fundamental para entender o que aconteceu a partir de 1993. Isto é así porque o seu traballo, alén das achegas en termos de coñecemento, deu lugar á reaparición de peregrinos con conciencia histórica do feito que estaban a realizar e, consecuentemente, de accións materiais para a recuperación dos camiños. Ademais, moitas veces esas persoas interesadas no mundo xacobeo organizáronse en asociacións que van centrar os seus esforzos no estudo e na pesquisa, mais tamén na rehabilitación das rutas de peregrinación, nas tradicións e, finalmente, na difusión do fenómeno en todas as súas facetas.

Con todo, vincular o fenómeno emerxente das peregrinacións co turismo, nas súas facetas prácticas e teóricas, é unha cousa ben diferente. Xa falamos como a partir da década de 1970 no ámbito académico comeza a haber reflexións sobre o as conexións entre turismo, relixión e peregrinación. Porén, non encontramos aínda referencias específicas que fagan relación ás rutas que levan a Compostela que seguen a ser analizadas fundamentalmente na perspectiva histórica e artística. De feito, non é até os anos 1990 cando comezamos a ver esas relacións co turismo dun xeito evidente, aínda que con matices. Por exemplo, o texto máis antigo que citamos é do ano 1990 e aparece na revista Estudios Turísticos que edita o ministerio responsable desta actividade. Malio título xeral da publicación, o contido da obra de Mariñas Otero (1990) fai referencia á arte e a cultura, excluindo os aspectos turísticos.

Na perspectiva estritamente turística, os textos máis antigos que citamos son de 1993, cando aproveitando o evento do ano santo e o seu grande impulso, organízanse multitude de reunións científicas. Da publicación dos resultados dun destes congresos aparece no libro de actas un reducido grupo de textos nos que especificamente se vinculan turismo e Camiño. Corresponden ao congreso de Xeografía sobre os Camiños de Santiago e o territorio (Torres Luna, Pérez Alberti, Lois González, 1993) que inclúe pola primeira vez como subtema o turismo. En concreto, no citado volume hai 5 comunicacións que abordan o tema. Porén, a falta de referencias na investigación, que moitas veces residía nas dificultades de acceso á bibliografía internacional, fai que nalgúns deses artigos o Camiño de Santiago fose tan só unha escusa para falar doutros temas, aínda que, noutros casos, hai un esforzo por considerar as peregrinacións a Compostela como unha oportunidade para reforzar o turismo e crear unha oferta

novidosa e atractiva. Un ano máis tarde Blanco e Garrido (1994) publican un estudo que recolle os datos sobre a afluencia turística a Santiago durante o ano santo o que, por primeira vez, permite ter un perfil aproximado, e complementario ás cifras da Oficina do Peregrino, dos visitantes a Compostela, incluídos os peregrinos.

Con estes antecedentes e os debates crecentes sobre turismo e relixión, a relevancia do fenómeno xacobeo resulta cada vez máis interesante como obxecto de investigación o que se reflicte na progresiva multiplicación de textos. Así, no 1997 Murray e Graham e Graham e Murray publican senllos artigos nos que o Camiño de Santiago e o turismo son conectados a pesar das contradicións e conflitos que poidan xurdir desa relación. Dos dous é especialmente significativo o texto de Murray e Graham (1997) porque apareceu na revista *Tourism Management* considerada aínda hoxe unha das máis prestixiosas a nivel internacional nos estudos turísticos. Pero a pesar deste interese *increscendo*, os exemplos que podemos citar na década de 1990 continúan a ser moi escasos. Entre eles está o texto de Santos (1999) no *Boletín da Asociación Española de Xeografía*, a revista de maior circulación entre ese colectivo; ou o libro dirixido por Álvarez Sousa (1999) que achega xa reflexións específicas e datos propios sobre a peregrinación a Compostela cunha clara compoñente turística.

A consolidación do fenómeno xacobeo deu lugar a que desde o ano 2000 o que antes eran case que anécdotas se fose multiplicando, aínda que é certo que o auténtico boom vaise producir a partir do ano 2010. Encontramos cada vez máis textos, sobre todo artigos, quer en revistas especializadas en turismo quer noutras vinculadas con colectivos profesionais nos que o turismo é obxecto de interese. O resultado final derivado desta procura foi a incorporación dun total de 179 citas das que algo menos do 80% son artigos, un 15% capítulos de libros e un 6% libros. Deste total, foron engadidos o 95% dos PDF; e os que non están son fundamentalmente libros dos que non existe versión dixital ou se a hai está disponible unicamente en formato e-book.

Como xa foi comentado, a única excepción a estes dous formatos (revistas e libros) está representado polas comunicacións presentadas ao Congreso Internacional de Xeografía sobre o Camiño de Santiago e o Territorio. O seu carácter pioneiro no tratamento das relacións entre turismo e peregrinación a Compostela, leváronnos a engadir, como excepción, as actas desta reunión internacional celebrada en Santiago no ano 1993, achegando os pdf escaneados dos textos citados e contabilizadas como capítulos de libro. Tamén foi incorporado un documento de traballo da USC que se incluíu entre os libros. Desde o punto de vista da autoría, foron contabilizados case que 200 persoas diferentes. Na realidade son máis debido a que o formato libro correspóndense na maior parte dos casos a obras por compendio polo que se incrementaría aínda máis o seu número.

Cuantificando este interese, observamos que algo menos do 3% dos textos corresponden co quinquenio 2000-04. Para o período anterior, é dicir o que vai de 1990 a 1999, ese valor achégase case ao 7%. Resulta algo superior porque varios textos corresponden coas actas do Congreso Internacional de Xeografía sobre o Camiño de Santiago e o Territorio, celebrado no ano 1993 e que foi referenciado de xeito excepcional. En todo caso para o lapso 1990-2004 existe un perfil específico no que os libros ou as revistas non especializadas en turismo teñen bastante protagonismo. Aínda así, encontramos xa

os primeiros textos en revistas de impacto como *Tourism Management*, *Tourism Geographies* ou *Tourism Recreation Research*.

A partir dos seguintes quinquenios a produción científica sobre o Camiño e o turismo vaise multiplicar con xa o 8% dos casos para o período 2005-2009, case o 20% do total no seguinte e o 50% para os anos que van de 2015 a 2019. Esta tendencia prosegue de tal xeito que so no ano 2020 máis os dous primeiros meses de 2021 acumulan sobre o 13% do volume total referenciado neste documento. Incluso de seleccionarmos os anos 2019, 2020 e os dous primeiros meses de 2021 temos como resultado algo máis do 30% do total o que nos da unha idea do impulso e da fortaleza que ten o Camiño de Santiago como obxecto de investigación turística nos anos máis recentes que é, ademais, cando manifesta de xeito máis evidente a riqueza de enfoques e a internacionalización.

Cómpre facer algunha consideración máis a respecto dos textos incluídos neste estudo e que o que fai é reafirmar non só a importancia cuantitativa da perspectiva turística do Camiño, senón tamén a internacionalización do fenómeno e o valor cualitativo que posúe como exemplo paradigmático de diversos aspectos da cultura contemporánea. Relativamente ao primeiro punto, a internacionalización, a orixe xeográfica das persoas autoras dos textos é moi variada. Malia que en moitos casos só nos podemos guiar por certas características que nos dan pistas pero non aseguran esa orixe (como o apelido ou a universidade, centro de traballo), obsérvase unha grande diversidade. É certo que se nos fixamos nas autorías máis repetidas, como Pereiro, Lopez, Lois ou Santos, observamos que a súa vinculación está coas universidades galegas ou, como é o caso de Pereiro, coas do norte de Portugal aínda que tamén moi vencellado con institucións de Vigo ou Santiago. De xeito especial nos últimos anos, advírtese a popularidade adquirida polo Camiño na investigación portuguesa e, nalgúns casos, brasileira. Fora destes marcos, o resto dos textos abrangue, no referido ás autorías, procedencias moi dispares que van desde os Estados Unidos, Bulgaria, Polonia, Corea ou Suecia.

Do mesmo xeito, as editoras son moi variadas e inclúen, xa sexan libros ou capítulos de libros, ou artigos, algunhas das máis prestixiosas no mundo académico. Por exemplo, no ámbito dos libros encontramos textos en Springer, Routledge ou Cabi, as tres de gran reputación na produción científica do turismo. Pola súa banda, se nos referimos aos artigos, novamente advertimos a presenza de investigacións nalgunhas das revistas de maior impacto nas clasificacións de máis recoñecemento, como é o caso de *Annals of Tourism Research* ou *Tourism Management*, aliás doutras de carácter menos sectorial. Contodo, cómpre destacar o *International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage* que, sobre todo nos últimos anos, ten no Camiño de Santiago un dos temas con maior representatividade, con 30 artigos entre o primeiro volume de 2013 e o derradeiro número consultado de 2020.

Tamén, quixemos deternos na orixe profesional das persoas que escribiron os textos, aínda que os resultados foron bastante ambiguos debido a que non sempre aparece este dato e, cando o fai, moitas veces se indica unicamente o departamento universitario ao que se adscribe o investigador. De todos os xeitos, observamos unha gran transversalidade, propia das publicacións en turismo, cunha grande actividade por parte da xeografía, economía, socioloxía, antropoloxía ou estudos culturais, entre outros.

Como xa foi indicado, moitos dos textos aparecen en revistas ou en editoras de alto impacto, nalgúns casos nas de maior reputación nos seus respectivos campos. Outra característica, que en certo modo xa foi referida, apunta a que o inglés é o idioma máis utilizado nos textos: 62% para as revistas, o 36.6% para os libros e o 58.3% para os capítulos de libro. O resto correspóndese fundamentalmente co español (25.7% para as revistas) e, en menor medida, o portugués, o galego ou o francés. Foron localizados algúns textos en linguas como o húngaro, o polonés ou o búlgaro pero non foron incluídos debido a que non saberíamos identificar ben o contido. En alemán aparece un libro que si foi referenciado polas conexións do seu contido cos obxectivos deste traballo.

En relación ás revistas o 57.8% son de turismo, incluída a *International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage*; un 13.5% son publicacións periódicas de xeografía e un volume lixeiramente inferior corresponde con estudos relixiosos. Finalmente, pouco máis do 16% restante son revistas doutros ámbitos como economía, comunicación ou marketing, por exemplo. Relativamente aos libros e capítulos de libros, observamos un carácter moi transversal e unha presenza relativamente importante de editoras e textos escritos tamén en galego. Isto é especialmente importante nos máis antigos cando o fenómeno xacobeo aínda non acadara as dimensión actuais pero estaban a xurdir as primeiras reflexións que quedan plasmadas en obras frecuentemente financiadas polo goberno de Galicia.

En definitiva e como resumo dos principais resultados obtidos, podemos sinalar a abundante produción científica ao redor das relacións entre turismo e peregrinación a Santiago. Esta riqueza e diversidade maniféstase fundamentalmente nas revistas académicas onde localizamos 140 artigos publicados sobre todo en revistas de turismo mais tamén de relixión ou doutras disciplinas de carácter social. Aliás, destacamos que se trata, con frecuencia, de cabeceiras con factores de impacto elevados, de ampla difusión nas que predomina o idioma inglés e con autorías de antecedentes formativos e orixe xeográfica variada. No formato libro monográfico a oferta é máis reducida, pero non así nos capítulos de libro onde a presenza de textos sobre turismo e Camiño de Santiago é notable en coleccións especializadas de editoras de prestixio.

4. Conclusións

A exhaustiva revisión bibliográfica realizada neste traballo permítenos concluir que o éxito do Camiño de Santiago como vía de peregrinación ligada aos tempos contemporáneos non so se pode medir en termos de camiñantes ou de impacto económico e social. O seu estudo como fenómeno turístico relacionado coas novas ofertas, por exemplo cos itinerarios culturais, ou coas actuais necesidades da demanda, evidencia a relevancia adquirida. Pódese afirmar, que as rutas xacobeas teñen enriquecido notablemente as investigacións turísticas ao manifestárense como vías de innovación na práctica e na xestión da actividade turística.

Non foi casual que o Camiño fose nomeado polo Consello de Europa como o primeiro Itinerario Cultural Europeo e que UNESCO o declarase Patrimonio Mundial da Humanidade. Estes recoñecementos impulsaron o seu interese académico e tamén serviron de inspiración para a recuperación ou creación doutras rutas. Ao mesmo tempo, o éxito do Camiño serviu para evidenciar de xeito cada vez máis claro os vencellos

entre turismo e relixión, ambas as dúas en continuo proceso de adaptación, conectándose de xeito fluído ás complexidades das sociedades postmodernas.

Os resultados obtidos nesta investigación deixan ver que o Camiño de Santiago levanta un grande interese no mundo do turismo, que analiza este fenómeno desde as súas múltiples caras, desde perspectivas disciplinares moi diversas e desde tradicións académicas variadas. O elevado volume de achegas que se fan non esgota o tema. De feito, observamos que é nos anos máis recentes cando o número de publicacións ten aumentado máis. Aínda que non foron incluídos, sabemos de novos textos que están en proceso de ver a luz e que confirman moitas das características sinaladas en canto á temática (diversa), edición (de impacto) ou orixe da investigación (global).

Para finalizarmos, cómpre facer unha breve reflexión sobre a COVID-19. Ao igual que acontece no resto do mundo, a pandemia afectou substancialmente ás peregrinacións e nin a celebración en 2021 do Ano Santo Compostelán está a conseguir atraer a peregrinos debido, en primeiro lugar, ás restricións á mobilidade. A moderada relaxación das medidas restritivas que tiveron lugar na segunda metade do ano 2020 impulsaron as cifras, aínda que moi lonxe das esperadas. Do punto de vista académico, encontramos xa algunhas reflexións, citadas nesta investigación, que non son máis que prospectivas cunha validez que dependerá do percurso dos acontecementos. Debemos de prestar atención ao medio prazo que é cando poderemos valorar as tendencias de fondo que, sen dúbida, van alterar o actual modelo turístico, reflexo tamén das mudanzas sociais. A capacidade que teña o Camiño de Santiago para se adaptar ao novo contexto será fundamental para entendermos o futuro. Da mesma forma, será importante a nosa capacidade, como estudiosos do fenómeno xacobeo na súa perspectiva turística, para analizarmos as transformacións desta rota como un proceso conectado coa sociedade que vai emerxer logo de ter vivido unha situación inédita nos tempos do turismo de masas.

5. Bibliografía

Álvarez Sousa, A. (Dir.). (1999). *Homo Peregrinus*. Vigo: Xerais.

Blanco, R. e Garrido, S. (1994). *Análise da procedencia e características da afluencia turística a Santiago de Compostela no Xacobeo 93*. Santiago: Xunta de Galicia.

Collins-Kreiner, N. (2010). Researching pilgrimage: Continuity and transformations. *Annals of Tourism Research*, 37(2), 440-456.
<https://doi.org/10.1016/j.annals.2009.10.016>

Collins-Kreiner, N. (2020). A review of research into religion and tourism launching the Annals of Tourism Research Curated Collection on religion and tourism. *Annals of Tourism Research*, 82. Doi: <https://doi.org/10.1016/j.annals.2020.102892>

Dupront, A. (1967). Tourisme et pèlerinage. Réflexions de psychologie collective. *Communications*, 10, 97-121. Doi : <https://doi.org/10.3406/comm.1967.1145>

- Durán Sánchez, A., Álvarez García, J., del Río Rama, M.C. e Oliveira, C. (2018). Religious tourism and pilgrimage: Bibliometric overview. *Religions*, 9. Doi: <https://doi.org/10.3390/rel9090249>
- Durán Sánchez, A., del Río Rama, M.C., Oliveira, C. e Álvarez García, J. (2019). Religious tourism and pilgrimage: Study of academic publications in Scopus. En J. Álvarez García, M.C. Río Rama e M. Gómez Ullate (Eds.), *Handbook of research on socio-economic impacts of religious tourism and pilgrimage*. Hershey (Pennsylvania): Igi-Global, 1-18. Doi: 10.4018/978-1-5225-5730-2.ch001
- Eade, J. (1992). Pilgrimage and tourism at Lourdes, France. *Annals of Tourism Research*, 19(1), 18-32. [https://doi.org/10.1016/0160-7383\(92\)90104-W](https://doi.org/10.1016/0160-7383(92)90104-W)
- Esteve Secall, R. (2002). *Turismo y religión. Aproximación a la historia del turismo religioso*. Málaga: Universidade.
- Frey, N.L. (1998). *Pilgrim stories: On and off the road to Santiago*. Berkeley, CA: University of California Press
- Graham, B. e Murray, M. (1997). The spiritual and the profane: The pilgrimage to Santiago de Compostela. *Ecumene (Cultural Geographies)*, 4(4), 389-404. <https://doi.org/10.1177/147447409700400402>
- Lasserre, P. (1930). Lourdes. Étude Géographique. *Revue Géographique des Pyrénées et du Sud-Ouest*, 1(1), 5-40. Doi : <https://doi.org/10.3406/rgpso.1930.3942>
- López y López, R. (1915). *Santiago de Compostela. Guía del peregrino y turista*. Santiago: El Eco Franciscano
- Mariñas Otero, E. (1990). El Camino de Santiago en el arte y en la cultura europea. *Estudios Turísticos*, 106, 29-42.
- Murray, M. e Graham, B. (1997). Exploring the dialects of route-based tourism: the Camino de Santiago. *Tourism Management*, 18(8), 513-524. [https://doi.org/10.1016/S0261-5177\(97\)00075-7](https://doi.org/10.1016/S0261-5177(97)00075-7)
- Palmer, C.T., Begley, R.O. e Coe, K. (2012). In defence of differentiating pilgrimage from tourism. *International Journal of Tourism Anthropology*, 2(1), 71-85.
- Roszak, P. (2020). Mute sacrum. Faith and its relations to heritage on Camino de Santiago. *Religions*, 11(12). <https://doi.org/10.3390/rel11020070>
- Sánchez y Sánchez, S. e Hesp, A. (Eds.). (2016). *The Camino de Santiago in the 21st century. Interdisciplinary perspectives and global view*. New York: Routledge.
- Santos, X. (1999). Mitos y realidades del Xacobeo. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 28, 103-117.
- Stone, J. (1927). *The cult of Santiago: Traditions, myths, and pilgrimages*. London: Longmans, Green and Co. Ltd.
- Theilmann, J. M. (1987). Medieval pilgrims and the origins of tourism. *Journal of Popular Culture*, 20(4), 93-102. <https://doi.org/10.1111/j.0022-3840.1987.9841353.x>

Torres Luna, M.P. de, Pérez Alberti, A. e Lois González, R. (Eds). (1993). *Congreso Internacional de Xeografía Os Camiños de Santiago e o Territorio*, Santiago: Xunta de Galicia

Turner, V. 1973. "The Center Out There: Pilgrim's Goal". *History of Religions* 12(3), 191-230. <https://doi.org/10.1086/462677>

Turner, V. e Turner, E. (1978). *Image and Pilgrimage in Christian Culture: Anthropological Perspectives*. Oxford: Basil Blackwell.

Vázquez de Parga, L., Lacarra, J.M. e Uría Riu, J. (1948). *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*. Madrid: CSIC.